



Guía Docente				
Datos Identificativos				2021/22
Asignatura (*)	Literatura e Xénero (Ámbito Galego-Portugués)	Código	613584118	
Titulación	Mestrado Universitario en Literatura, Cultura e Diversidade (plan 2016)			
Descriptorios				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	3
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Fernandez Perez-Sanjulian, Carme	Correo electrónico	carme.fernandez.perez-sanjulian@udc.es	
Profesorado	Fernandez Perez-Sanjulian, Carme	Correo electrónico	carme.fernandez.perez-sanjulian@udc.es	
Web	http://www.udc.es/filo/MLCD.html			
Descrición xeral	Estudo da aplicabilidade do paradigma dos estudos de xénero á análise da sociedade e das súas manifestacións culturais e artísticas, en particular ao caso dos sistemas literarios galego e de lingua portuguesa. Na sección de contidos figuran os temas específicos que serán tratados na materia.			
Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos Non haberá cambios.</p> <p>2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen Manteranse todas as metodoloxías, que serán adaptadas a modalidades de docencia telemática, de tipo síncrono (a través de Teams) e asíncrono (a través de Moodle). *Metodoloxías docentes que se modifican Ningunha</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado Mecanismos de atención permanente: correo electrónico para a atención individual, foro xeral en Moodle sobre a organización da materia e foro específico en Moodle sobre as actividades avaliábeis. Mecanismos de atención dispoñíbeis a petición do alumnado: Vídeo-titorías a través de Teams.</p> <p>4. Modificacións na avaliación Manteranse o mesmo sistema de avaliación, de acordo coa adaptación á modalidade non presencial das metodoloxías docentes. *Observacións de avaliación: Mantéñense as recollidas na guía docente.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía A bibliografía de referencia non será modificada, aínda que serán facilitados materiais específicos (en formato PDF ou URL) a través da plataforma Moodle para o acompañamento das sesións non presenciais.</p>			

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A1	Integrar os estudos literarios nun contexto cultural mais extenso que trascenda os límites dunha soa lingua e/ou nación, atendendo á diversidade cultural
A2	Ampliar o concepto de literatura, a través da súa relación coas TICS, os medios de comunicación, o cine, as artes, no marco da diversidade cultural



A3	Ser capaz de realizar aportacións creativas e orixinais no estudo comparatista dos textos literarios, dos produtos artísticos e das realidades culturais
A4	Aplicar as técnicas de análise cultural en contextos diversos
A5	Adquirir as habilidades necesarias para analizar e investigar os mecanismos dos procesos de comunicación
A6	Coñecer e valorar a diversidade cultural, con especial atención aos ámbitos hispánico e galego-portugués
A7	Coñecer as principais correntes teóricas que integraron e integran a reflexión sobre a literatura e a cultura, así como os seus antecedentes
A8	Comprender os procesos históricos dos estudos literarios e culturais e os seus cambios de paradigma
A9	Aplicar as técnicas de análise cultural respetando os fundamentos ideolóxicos presentes en contextos diversos
A10	Analizar e interpretar textos, aplicando diferentes modelos teóricos e xenéricos
A12	Ser capaz de desenvolver un enfoque orixinal e creativo na investigación avanzada no ámbito dos estudos literarios e culturais
A13	Aplicar unha perspectiva comparatista de carácter transnacional e plurilingüístico aos estudos literarios, artísticos e culturais
A14	Adquirir a capacidade de xestionar ferramentas e recursos de investigación aplicados no ámbito dos estudos literarios e culturais
B1	Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades
B2	Falar ben en público
B3	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro
B4	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións(TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da vida
B5	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común
B6	Valorar críticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñibles para resolver problemas cos que deben enfrontarse
B7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe
B8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade
B9	Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun modo que haberá de ser, en grande medida, autodirixido ou autónomo
B10	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma
B12	Posuír e comprender coñecementos que aporten unha base e oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación
B13	Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en entornos novos ou pouco coñecidos. dentro de contextos mais amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo
B14	Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos que aporten unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación
C1	Adquirir capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva
C2	Traballar de maneira interdisciplinar en entornos diversos
C3	Demostrar un compromiso ético coas desigualdades
C4	Promover o entendemento intercultural desde a comprensión da diversidade
C5	Integrar coñecementos de campos de estudos diversos
C6	Aplicar coñecementos e habilidades na resolución de problemas en entornos novos o non familiares en contextos interdisciplinares
C7	Desenvolver habilidades cognitivas avanzadas (capacidade de síntese, análise e pensamento crítico) relacionadas co desenvolvemento e a creación dun perfil investigador
C8	Adquirir a capacidade de concebir e deseñar proxectos de investigación con rigor académico

Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe

Competencias do título



Coñecer, comprender e saber avaliar criticamente unha parte dos discursos teóricos que reflexionan sobre obras relevantes da literatura galega desde unha perspectiva de xénero.	AM1 AM2 AM4 AM5 AM6 AM8 AI1 AI2 AI3	BM1 BM3 BP1 BP2 BP3 BP4 BP5 BP7	CM1 CM2 CM3 CM4 CM5 CM6 C11
Incorporar a perspectiva de xénero e feminista aos estudos literarios	AM1 AM2 AM4 AM5 AM6 AM8 AM9 AP1 AI1 AI3	BP2 BP3 BP4 BP6 BI2	CM3 CM4 CM5 CM6 C11
Ser quen de desenvolver investigacións avanzadas na análise dos textos literarios, desde un enfoque orixinal e creativo	AM1 AM2 AM4 AM5 AM9 AP1 AI1 AI3	BM1 BP1 BP2 BP3 BP4 BP5 BP6 BP7 BI1 BI2 BI3	CM1 CM2 CM3 CM4 CM5 CM6 C11 C12
Desenvolver a capacidade de participar con precisión de pensamento e expresión (tanto oralmente como por escrito) nos debates propios destes estudos.	AM2 AM4 AM5 AM9 AP1 AI1 AI2 AI3	BM1 BM2 BP2 BP3 BP4 BP5 BP6 BP7 BI1 BI2 BI3	CM2 CM3 CM4 CM5 CM6 C11 C12
Identificar e interpretar os novos marcos teóricos e conceptuais que intentan explicar a evolución da cultura contemporánea	AM1 AM2 AM6 AM7 AM8 AP1 AI2	BP1 BP2 BP3 BP4 BP5 BP6 BI1 BI2 BI3	CM2 CM3 CM4 CM5 CM6 C11



Saber realizar unha análise crítica da literatura e os discursos como un medio de construción da feminidade e da masculinidade, así como dos roles e estereotipos de xénero asociados a estas identidades nas diferentes épocas.	AM1	BM1	CM2
	AM2	BM2	CM3
	AM3	BP1	CM4
	AM4	BP2	CM5
	AM5	BP3	CM6
	AM6	BP4	CI1
	AM8	BP5	
	AM9	BP6	
	AP1	BP7	
	AI1	BI1	
		BI2	
	BI3		

Contidos	
Temas	Subtemas
1. A institución literaria e as mulleres escritoras, unha relación problemática	1.1. Construción autorial, visibilidade e recoñecemento institucional: unha ollada diacrónica
2. Narrativa galega de autoría feminina e reflexión sobre a(s) identidade(s) de xénero	2.1. Escrita do eu e representación da subalternidade feminina: Xohana Torres 2.2. Reescrita feminista e problematización das identidades de xénero: de María Xosé Queizán a María Reimóndez.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Lecturas	A1 A2 A5 A6 A14 A7 A10 A8 B4 B5 B6 B7 B8 B12 B9 C1 C4 C7 C5	2	20	22
Sesión maxistral	A13 A1 A2 A6 A7 A10 A8 A9 B5 B6 B7 B8 B10 C3 C4 C7 C5	6	6	12
Traballos tutelados	A1 A2 A3 A4 A5 A8 A9 A10 A12 A13 B13 B4 B5 B6 B7 B14 B1 B8 B12 B9 B10 C1 C2 C3 C4 C7 C5 C6 C8	0	16	16
Obradoiro	A13 A2 A3 A4 A5 A10 A9 A12 B13 B5 B6 B7 B14 B1 B8 B9 B2 B10 B3 C2 C3 C4 C7 C5 C6	6	8	14
Eventos científicos e/ou divulgativos	A13 A2 A6 B5 B6 B7 B14 B8 C7 C5	3	6	9
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición



Lecturas	Será preciso realizar para cada sesión e nos prazos determinados unha serie de lecturas básicas. Estas serán avaliadas a través dos comentarios e das intervencións do alumnado na aula e no encontro científico.
Sesión maxistral	Exposición da profesora co fin de introducir o contexto teórico e cultural do tema correspondente, así como os fundamentos teóricos e metodolóxicos da materia.
Traballos tutelados	Cada estudante terá que realizar un traballo final obrigatorio sobre algún aspecto relacionado co temario, que terá o formato dun breve ensaio e cuxo tema e orientación requirirán o visto e prace da profesora en sesións de seguimento.
Obradoiro	Nas sesións presenciais alternaranse as leccións maxistrais coas sesións interactivas, nas que a participación do estudantado será fundamental. Levaranse a cabo actividades de diverso tipo: discusións dirixidas, comentario de textos. Todas elas serán como punto de partida fundamental as lecturas indicadas previamente pola profesora.
Eventos científicos e/ou divulgativos	Ao longo do curso será recibido un/unha investigador/a externo cuxa visita será preparada colectiva e individualmente para realizarmos un encontro científico fructífero.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral Traballos tutelados Lecturas Obradoiro Eventos científicos e/ou divulgativos	A profesora encargarse de recibir e asesorar o alumnado en todas as cuestións que lle formular; ao tempo tratará en todo momento lle facer as observacións, indicacións puntuais bibliográficas, etc que puideren ser do seu interese. Esta atención personalizada tamén está contemplada para o alumnado a tempo parcial e con dispensa académica recoñecida, así como para o estudantado matriculado para se examinar na oportunidade adiantada de decembro.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A1 A2 A3 A4 A5 A8 A9 A10 A12 A13 B13 B4 B5 B6 B7 B14 B1 B8 B12 B9 B10 C1 C2 C3 C4 C7 C5 C6 C8	O traballo final obrigatorio consistirá na elaboración dun breve ensaio orixinal (ou, alternativamente, na exposición oral dese traballo) que versará sobre un aspecto relacionado cun punto do programa. Valorarase fundamentalmente a profundidade e o rigor da investigación e a claridade expositiva e expresiva.	60
Lecturas	A1 A2 A5 A6 A14 A7 A10 A8 B4 B5 B6 B7 B8 B12 B9 C1 C4 C7 C5	As lecturas serán avaliadas a través dos comentarios e das intervencións do propio alumnado na aula e no encontro científico.	10
Obradoiro	A13 A2 A3 A4 A5 A10 A9 A12 B13 B5 B6 B7 B14 B1 B8 B9 B2 B10 B3 C2 C3 C4 C7 C5 C6	Valorarase a participación activa nas distintas actividades que se desenvolvan na aula: discusión dirixida, análise e comentario dos textos propostos, etc.	20
Eventos científicos e/ou divulgativos	A13 A2 A6 B5 B6 B7 B14 B8 C7 C5	O alumnado deberá participar activamente con preguntas e/ou reflexións no encontro co/a investigador/a invitado/a.	10

Observacións avaliación



1. OBSERVACIÓNS XERAIS DE AVALIACIÓN

1.1. Para superar a materia, o alumnado deberá conseguir unha cualificación igual ou superior a 5 puntos no conxunto de actividades que compoñen a avaliación.

1.2. O alumnado terá que entregar os traballos e actividades no prazo fixado.

1.3. Todas as actividades deberán cumprir unhas exixencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal...). As deficiencias lingüístico-expositivas serán penalizadas na cualificación.

2. AVALIACIÓN DA SEGUNDA OPORTUNIDADE (XULLO)

Na 2.ª oportunidade o alumnado será avaliado cos mesmos criterios que na oportunidade anterior, aínda que con certa variación sobre as porcentaxes xa que non se poderán ter en conta as actividades de carácter presencial (Obradoiro e participación en eventos científicos). Así, para superar a materia, terá que realizar unha "Proba mixta" para avaliar as lecturas (40%) e presentar o "Traballo tutelado" (60%).

3. AVALIACIÓN DA OPORTUNIDADE ADIANTADA DE DECEMBRO

Nesta oportunidade adiantada cada alumno/a será avaliado/a mediante unha "Proba mixta", que suporá o 40 % da cualificación final e que terá lugar na data oficial marcada pola Facultade de Filoloxía, e un "Traballo tutelado" puntuábel nun 60% que deberá ser presentado no mesmo día do exame.

4. CUALIFICACIÓN DE NON PRESENTADO/A

Considerarase como NON PRESENTADO/A o/a alumno/a que non entregue o traballo final obrigatorio ou non realice a proba escrita.

5. ALUMNADO A TEMPO PARCIAL E CON DISPENSA ACADÉMICA

O alumnado matriculado a tempo parcial e con dispensa académica de exención de asistencia concedida deberá pórse en contacto co profesorado da materia no inicio do curso académico para planificar, en cada situación concreta, os axustes necesarios na avaliación no tocante ás actividades presenciais (que serán substituídas por outras non presenciais equivalentes). Así mesmo, aquel alumnado que xustifique a imposibilidade de asistir ás aulas debe tamén contactar co profesorado responsábel.

7. OUTRAS PRECISIÓNS

Todas as actividades ou probas deberán cumprir unhas exixencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia sintáctica, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal?); no caso de deficiencias lingüístico-expresivas, estas poderán ser penalizadas na cualificación, segundo o documento "Exixencias mínimas de corrección lingüística" (aprobado pola Sección de Galego-Portugués o 6/7/2018 e pendurado en Moodle).

Os traballos presentados polo alumnado poderán ser incorporados ao Turnitin, ferramenta para a detección do plaxio así como de traballos previamente presentados nesta ou noutras universidades, incluso polo mesmo/a alumno/a. En caso de que se produza algunha destas circunstancias, poderán ser aplicadas as medidas contempladas nas Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario da Universidade da Coruña (artigo 14.4).



Bibliografía básica

- Forcadela, Manuel / Noia, Camiño (coords.) (2011). Cara a unha poética feminista : homenaxe a María Xosé Queizán. Vigo: Xerais
- García Fonte, Mª Anxos (2011). A construción da identidade de xénero na narrativa galega da segunda metade do século XX . Tese de doutoramento. UDC
- García Negro, Mª Pilar (2010). O clamor da rebeldía: Rosalía de Castro, ensaio e feminismo. Santiago: Sotelo Blanco
- Garrido, Ana (2015). "Las chicas raras no tienen voz". Itinerarios 21
- González Fernández, Helena (2005). Elas e o paraugas totalizador . Vigo: Xerais
- Moure, Teresa (2012). Queer-emos un mundo novo. Sobre cápsulas, xéneros e falsas clasificacións. Vigo: Galaxia
- Nogueira, Mª Xesús (2020). "Outros desejos, outras palabras. A representación de identidades sexuais non-normativas na literatura galega contemporánea". Daniel, Amarelo (coord.), Nós, xs inadaptadxs. Representacións, desejos e historias LGBTIQ na Galiza
- Reimóndez, María (2018). "Silencios que non son: o continuum lesbiano nas narradoras galegas". Boguszcewicz, María et alii, Identidade(s) e xénero(s) na cultura galega: unha ahega interdisciplinaria
- Vilavedra, Dolores (2018). "Singularidades da articulación socio-discursiva da narrativa galega de autoría feminina". Boguszcewicz, M. et alii, Identidade(s) e xénero(s) na cultura galega: unha ahega interdisciplinaria
- VV. AA. (1987). Festa da palabra silenciada, 4 (monográfico Xohana Torres) .
- Armas García, C. Mª (2002): As mulleres escritoras (1860-1870). O xenio de Rosalía (Santiago: Laiovento). Blanco, C. (1991): Literatura galega da muller (Vigo: Xerais). Blanco, C. (1995): O contradiscurso das mulleres (Vigo: Nigra). Forcadela, M. / Noia, C. (coords.) (2011): Cara a unha poética feminista : homenaxe a María Xosé Queizán (Vigo: Xerais). García Fonte, Mª Anxos (2011): A construción da identidade de xénero na narrativa galega da segunda metade do século XX (Tese de doutoramento, Universidade da Coruña). García Negro, Mª P. (2010): O clamor da rebeldía: Rosalía de Castro, ensaio e feminismo (Santiago: Sotelo Blanco). García Negro, Mª P. / Rodríguez Sánchez, F. (1996): ?Literatura feminina e feminista da segunda metade do século XIX?, en VV. AA.: Historia da Literatura Galega: 351-384 (Vigo: AS-PG/ A Nosa Terra). Garrido, A. (2015): "Las chicas raras no tienen voz", Itinerarios 21, 183-198. González Fernández, H. (2005): Elas e o paraugas totalizador (Vigo: Xerais). González Fernández, H. (2009): Género y nación: la construcción de un espacio literario (Barcelona: Icaria). March, K. N. (1994): De musa a literata: el feminismo en la narrativa de Rosalía de Castro (Sada: O Castro). Pena Presas, Montse (2018): Feminismos e literatura infantil e xuvenil en Galicia (Santiago: Laiovento). Rodríguez Rodríguez, M. (2013): Feminismo e innovación en la narrativa gallega de autoría femenina: Xohana Torres, María Xosé Queizán, Carmen Blanco y Teresa Moure (Lewiston : Edwin Mellen Press). Reimóndez, M. (2018): "Silencios que non son: o continuum lesbiano nas narradoras galegas", en Boguszcewicz, M. et alii, Identidade(s) e xénero(s) na cultura galega: unha ahega interdisciplinaria: 167-194 (Varsovia: Universidade de Varsovia). Rodríguez Sánchez, F. (2011): Rosalía de Castro, unha estranxeira na súa patria (Santiago: AS-PG). Suárez Briones, B. / Martín Lucas, Mª B. / Fariña Busto, Mª J. (eds) 82000): Escribir en femenino. Poéticas y políticas (Barcelona: Icaria). Vilavedra, D. (2018): "Singularidades da articulación socio-discursiva da narrativa galega de autoría feminina", en Boguszcewicz, M. et alii, Identidade(s) e xénero(s) na cultura galega: unha ahega interdisciplinaria: 87-114 (Varsovia: Universidade de Varsovia). VV. AA. (1987): Festa da palabra silenciada, 4 (monográfico Xohana Torres) Obras de lectura obrigada: Xohana Torres: Adiós, María Xosé Queizán: A semellanza Teresa Moure: Benquerida catástrofe María Reimóndez: Piratas A profesora entregará, na aula e/ou a través da plataforma Moodle, unha selección de textos literarios e críticos que o alumnado deberá ler nos prazos estipulados.



Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none">- Amarello, Daniel (coord.) (2020). Nós, xs inadaptadxs. Representacións, desexos e historias LGBTIQ na Galiza. Santiago: Através- Armas García, Celia Mª (2002). As mulleres escritoras (1860-1870). O xenio de Rosalía . Santiago: Laiovento- Blanco, Carmen (1995). O contradiscurso das mulleres. Vigo: Xerais- Blanco, Carmen (1991). Literatura galega da muller. Vigo: Xerais- García Negro, Mª Pilar / Rodríguez Sánchez, Francisco (1996). ?Literatura feminina e feminista da segunda metade do século XIX?. Asociación Socio-Pedagóxica Galega (ed.): Historia da Literatura Galega:- Fariña Busto, Mª Jesús / Suárez Briones, Beatriz / Martín Lucas, Mª Belén (eds.) (2005). Escribir en femenino. Poéticas y políticas . Barcelona: Icaria- González Fernández, Helena (2009). Género y nación: la construcción de un espacio literario. Barcelona: Icaria- Lema París, Ánxela / Nunes Brións, Andrea (coods.) (2020). Tecermos redes, crearmos comunidade. Estudos sobre a obra de María Reimóndez. Vigo: Xerais- López-López, Lorena (2019). Dialogando coas marxes na narrativa de autoría feminina: margarita Ledo Andión, Patricia A. Janeiro, Cris Pavón e Teresa Moure. Bangor: Bangor University- March, Kathleen N. (1994). De musa a literata: el feminismo en la narrativa de Rosalía de Castro. Sada: O Castro- Pena Presas, Montse (2018). Feminismos e literatura infantil e xuvenil en Galicia. Santiago: Laiovento- Moure, Teresa (2014). Politicamente incorreta. Ensaíos para um tempo de pressas. Santiago: Através- Rodríguez Rodríguez, Marisol (2013). Feminismo e innovación en la narrativa gallega de autoría femenina: Xohana Torres, María Xosé Queizán, Carmen Blanco yTeresa Moure. Lewiston : Edwin Mellen Press- Rodríguez Sánchez, Francisco (2011). Rosalía de Castro, unha estranxeira na súa patria. Santiago: AS-PG- Segarra, Marta (2012). Repensar la comunidad desde la literatura y el género. Barcelona: Icaria <p>A profesora fornecerá ao longo do curso, a través da plataforma Moodle, material bibliográfico complementar e outros recursos específicos para cada un dos temas obxecto de estudo nesta materia.</p>
------------------------------------	---

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Para calquera dúbida, poden pórse en contacto coa profesora, persoalmente en horario de atención ao alumnado, ou concertando cita previa no enderezo electrónico: carne@udc.gal

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías